



Leandro Lamas

O Apalpador, protagonista na música, outro campo para a recuperación deste personaxe.

O xigante carboeiro é o centro en letras de cantigas

## As músicas do Apalpador: dos arrollos e cancións populares até o reggae


Redacción | Nós Diario

A recuperación do Apalpador realizouse en tantas fronteiras como foi necesario, sempre co rescate e a divulgación deste personaxe do Nadal galego como obxectivo fundamental.

Así, o Apalpador axiña aniñou e se estendeu na literatura infantil e xuvenil, nos contacontos, mesmo no teatro de monicreques ou nos desfiles de Nadal por diferentes cidades e vilas galegas.

E esta pegada tamén se deu na música, en diferentes estilos e para públicos diversos. Unha boa mostra de como en pouco máis dunha década este personaxe callou entre galegos e galegas como un elemento xa consolidado non só do Nadal, senón mesmo do imaxinario colectivo como pobo.

E de que músicas gusta o Apalpador? Pois se pomos a orela a aqueles solistas e grupos que o meten nos seus temas, o abano é moi amplo. Hai desde arrollo, música popular pasando polo ska ou incluso festivais das ponlas máis rurais do rock (punk, metal...) que levan o seu nome. A listaxe de quen canta ao Apal-



Vista dos Ancares.

### Na outra cara dos Ancares reina a 'Apalpadoira'

As primeiras colleitas sobre o Apalpador centráronse sobre todo no Courel, onde se recompilaron os testemuños. Mais Os Ancares tamén sabe desta presenza.

Aí está o testemuño de Manuela Álvarez Pinto, nada en 1929, de Arnado, concello de Oencia, nos Ancares leoneses, que en descrición que lle deu ao profesor Fernando Álvarez-Balbuena García relata que quen ía polas casas era A Apalpadoira, en feminino.

pador é ampla e variada. E comezou a crearse case desde o inicio da recuperación da figura.

Como non, polo medio deste inicio tamén aparece o nome de Xurxo Souto, que alá a mediados da década dos 2000 co seu programa *Aberto por reformas* animaba a xente a crear composicións sobre este personaxe. E de aí saíron propostas como a *Nana do Apalpador* de Xaime da Guarda ou Sofía de Labañou e a súa: "Aí o vén o Apalpador / pra facerche a revisión / se medraches ou minguaches / en talla e en musculación / Aí vén o Apalpador / non é mestre nin doutor / é un vello das montañas / onde crían as castañas / pra che dar a boa mantenza / da señora natureza / Vén do Courel... que ben! / Vén dos Ancares... que grande! / Vén do Souto máis retorto".

### Extensión

A pistolada de saída estaba dada e axiña agromaron cancións e cantigas con este carboeiro como protagonista. Un fenómeno, por certo, no que tivo un papel importante o ensino público, co profesorado a animar alumnos e alumnas a compor coplas,

arrollos ou cancións no Nadal co Apalpador como protagonista.

Ao tempo, grupos como Mamá Cabra incorporaban temas con letras como "Eu son o Apalpador / entro e saio con sixilo / apalpando nas barriguiñas / das meniñas e meniños".

Non son os únicos. Velaí está Paco Nogueiras, que a ritmo de reggae tamén inmortalizou o Apalpador nun tema que, como non, titulábase co nome deste personaxe. "É moi alto e moi forte / Seica é o Apalpador, parece que tiven sorte / Ese home de gran barba / Tiven sorte si señor / A deixarme xoguetadas vai vir.... O Apalpador!".

Malvela, as afoutas cantareiras do sur do país, tamén meteron no seu cancionero o Apalpador, se ben desta vez en forma de música popular e tradicional na *Cantiga do Apalpador*. "Vai-te logo, meu meniño / marcha agora para a camiña / Que vai vir o Apalpador / a apalparche a barriguiña / Xa chegou o día grande / e virá o Apalpador".

E para pór o ramo: O *Apalpador Fest*, festival da Guarda que leva xa máis de 7 edicións e na que conflúen grupos de rock, punk ou metal.